

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (alumnado matriculado en 3º e 4º da ESO no próximo curso)**  
**E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021/2022 (alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO no próximo curso)**

**[Orde do 6 de maio de 2021](#)**

A gratuidade solidaria de libros de texto para o curso 2021/22 levarase a cabo mediante a distribución dos libros existentes no fondo creado cos libros devoltos, en función da renda per cápita. Lembramos que o alumnado de 1 e 2º da ESO non terá axuda para o fondo de libros por estar participando no proxecto EDIXGAL, pero si poderán solicitar axudas para material escolar.

**Os requisitos** para acollerse a esta convocatoria son:

- ✓ **Estar matriculado en 1º, en 2º, en 3º ou en 4º da ESO durante o curso 2021/22**
- ✓ **Ter devoltos os portátiles EDIXGAL ( 1º e 2º da ESO) ou os libros emprestados polo Fondo Solidario de libros (3º e 4º da ESO).** Deben estar en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser reutilizados. **A falta de devolución destes portátiles ou libros será causa da exclusión. O alumnado con materias pendentes poderá quedar co portátil ou co libro correspondente ata que se examine en setembro.**

**Solicitude** do fondo solidario:

- ✓ Terán que presentar a solicitude (anexo I), xunto coa documentación pertinente:
  - Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
  - Copia de todas as páxinas do libro de familia onde aparezan os membros computables da unidade familiar
  - No caso de separación ou divorcio: sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor
  - Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da unidade familiar recoñecida por calquera órgano **que non sexa a Xunta de Galicia**
  - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero se é o caso
  - Resolución administrativa ou xudicial de incapacitación da patria potestade se é o caso
- ✓ Terase en conta a situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2019.
- ✓ Terase en conta a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 dividida polos membros computables: (recadro renda 435 + recadro 460) dividido entre o nº de membros computables.

Pódese acceder aos impresos da solicitude no enderezo <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou na páxina do instituto.

É preciso descargar, imprimir e cumprimentar a solicitude (Anexos I e II). A súa entrega, xunto coa documentación sinalada nas instrucións anteriores pode facerse no propio centro ou ben a través da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B&ano=2021>).

✓ **AS SOLICITUDES PRESENTARANSE NA SECRETARÍA DO CENTRO OU A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO**  
**21 DE MAIO AO 22 DE XUÑO DE 2021**

O día 9 de xullo de 2021, o centro publicará unha relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas para este fondo. No caso das solicitudes do Fondo de Libros excluídas, poderanse presentar reclamacións os días 12 e 13 de xullo.

A relación definitiva das solicitudes admitidas publicarase o día 15 de setembro. O centro entregará os libros asignados (3º e 4º da ESO) e os portátiles EDIXGAL (todo o alumnado de 1º e 2º da ESO) a partir do 16 de setembro.

Ribeira, 25 de maio de 2020

A Dirección do IES Nº 1 de Ribeira